



Reclamante: [REDACTED], en representación de Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U  
Expediente. Nº **RSCTG 107/2018**

Correo electrónico: [REDACTED]

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por [REDACTED], en representación de Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U, mediante escrito do 11 de setembro de 2018, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.** [REDACTED], en representación de Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U, presentou, mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 11 de setembro de 2018, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desestimada por silencio administrativo unha solicitude dirixida ao concello de Santiago de Compostela, de acceso aos convenios ou acordos de colaboración, contratos (incluídos todos os contratos menores) e addendas a uns e outros, subscritos entre a entidade Empresa Municipal de Augas da Coruña, S.A. ( EMALCSA) e o Concello de Santiago de Compostela nos exercicios 2017 e/ou 2018, prestacións, informes e actuacións realizados por EMALCSA a favor dese Concello en execución destes convenios, acordos, contratos ou addendas e contraprestacións satisfeitas por ese Concello a EMALCSA por razón dos citados negocios xurídicos.

A interesada presentou a súa solicitude ao concello con data do 26 de xullo de 2018, sen obter resposta.

O escrito viña acompañado de copia de escritura de poder da empresa Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U, a solicitude de acceso á información presentada ante o Concello de Santiago de Compostela e copia da Ordenanza municipal de transparencia do referido concello e copia do DNI do solicitante.

**Segundo.** Con data do 12 de setembro de 2018 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello de Santiago de Compostela para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 20 de setembro de 2018.

**Terceiro.** Con data do 28 de setembro de 2018, tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo, oficio do servizo de Contratación do Concello de Santiago de Compostela no que remite informe, copia do acordo da Xunta de Goberno local do 2 de xuño de 2017 de proposta de aprobación do protocolo de colaboración asinado entre o Concello de Santiago de Compostela e a Empresa municipal de augas da Coruña, Protocolo de colaboración asinado con data 10 de outubro de 2017, contrato menor e escrito de solicitude de acceso á información de VIAQUA do día 26 de xullo de 2018.

No informe, o Concello manifesta en síntese o seguinte: a solicitude da empresa VIAQUA SA tivo entrada no Rexistro do concello con data do 26 de xullo de 2018, polo que o prazo máximo para a súa resolución finalizaba o 27 de agosto, datas nas que coinciden as festas da cidade e o mes de agosto, datas nas que hai unha importante merma de persoal polo desfrute das súas vacacións.

En canto ao fondo do asunto, debe terse en conta que VIAQUA SA mantén co Concello de Santiago unha relación contractual dende fai máis de 20 anos, polo que as canles de comunicación habituais son reunións, correos electrónicos e conversas telefónicas. Coa referida empresa existiron varias reunións entre representantes de VIAQUA, EMALCSA e Concello a propósito dos traballos de auditoría encomendados a esta última empresa nas que, non so se informou á concesionaria do servizo de auga da sinatura dun convenio de colaboración entre EMALCSA e o Concello de Santiago do que derivou, posteriormente, un contrato menor entre ambas entidades o 27 de febreiro de 2018, senón que tamén se solicitou a súa colaboración no desenvolvemento dos traballos da referida empresa.

De ambos documentos o Concello deu conta, a través da publicación dos mesmos na web municipal no apartado de transparencia, concretamente o protocolo, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de xuño de 2017, publicouse xunto coa relación de asuntos do órgano desa data e o contrato menor foi publicado na web xunto co resto de contratos menores; ambos documentos atópanse aínda na web municipal. Os traballos encomendados

a EMALCSA aínda están en execución, polo que non se efectuou pagamento ningún por parte do Concello.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das ditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei 1/2016, do 18 de xaneiro establece que a competencia para resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación se axustará ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A lei 1/2016, de 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de

aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma se configuran de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro).

O obxecto da lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións se pode falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente exixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou dende o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e

reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

De acordo co anterior, e dado que no presente caso a Administración non resolveu expresamente, debe admitirse a reclamación presentada por estar en prazo.

### **Quinto. Análise do expediente**

O recurso substitutivo presentado ante a Comisión da Transparencia pola empresa interesada deriva da falta de resposta por parte do Concello de Santiago de Compostela á súa solicitude de determinada documentación referente ás relacións xurídico-administrativas e económicas do Concello de Santiago de Compostela coa empresa EMALCSA, documentación que está en poder da referida Administración e que foi adquirida ou elaborada no exercicio das súas funcións.

O concello alega que o prazo máximo para a resolución da petición remataba en datas nas que coinciden as festas da cidade e o mes de agosto e nas que hai unha importante merma de persoal polo disfrute das súas vacacións sen embargo, na data de remisión do informe a esta Comisión, un mes despois da data límite para resolver, non consta que a información se remitise á empresa solicitante.

Por outra banda, o feito de que a empresa solicitante manteña unha relación contractual co concello dende hai anos e o feito de que existiran reunións entre representantes de VIAQUA, EMALCSA e Concello relacionados cos traballos de auditoría encomendados a esta última empresa e o feito de que se solicitara a colaboración de Viaqua no desenvolvemento dos traballos da referida empresa, non xustifican que se denegue, por silencio administrativo, o acceso á documentación concreta solicitada, mais tendo en conta que, tal e como figura no informe do Concello, o convenio e o contrato menor están publicados na web municipal no apartado de transparencia, do que podería terse informado á empresa reclamante, simplemente indicándolle o link concreto de acceso á dita información.

De acordo co anterior, por ser a solicitude da empresa Viaqua unha solicitude de acceso a información e documentación que ten indubablemente o carácter de información pública, procede a estimación do presente recurso, por ter o solicitante, de acordo co disposto no artigo 24 da Lei 1/2016, dereito ao acceso á mesma, mediante a súa remisión ou indicación dos links concretos nos que a dita información se atopa na web do concello.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia

## ACORDA

**Primeiro:** Estimar a reclamación presentada por [REDACTED], en representación de Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U contra a denegación pos silencio administrativo, de información referente a información xurídico administrativa entre o Concello de Santiago de Compostela e EMALCSA.

**Segundo:** Instar ao Concello de Santiago de Compostela a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, se responda á petición de información solicitada mediante a remisión da mesma ou mediante a indicación do enlace electrónico concreto de acceso á dita información, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

**Terceiro:** Instar ao Concello de Santiago de Compostela a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esa Comisión da Transparencia copia do envío da información solicitada polo reclamante.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, de conformidade co previsto no artigo 8.2 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, a 26 de outubro de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga